

Informe

ACCIONES DE COORDINACION

Facultade de Educación e Traballo Social



Curso 2023-2024
R3-DO0201 P1



Validación pola Comisión de
Garantía Interna de Calidade

Aprobado o 18/12/2024



Centro certificado
FIDES AUDIT



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Informe de Acci3ns
de Coordinaci3n
da Facultade de Educaci3n e
Traballo Social

Curso 2023-2024


Documento Validado pola Comisi3n de Garantía Interna de Calidade	M3rcores 18 de decembro de 2024
Documento Aprobado pola Xunta de Centro	M3rcores 18 de decembro de 2024



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Distintivo de
galeguizaci3n



Distintivo de
igualdade

ÍNDICE DE CONTIDOS

I. INTRODUCCIÓN	3
II. ESTRUCTURA E RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	7
III. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DE COORDINACIÓN DOCENTE	14
3.1. COORDINACIÓN DE TÍTULOS DE GRAO	14
3.2. COORDINACIÓN EN TÍTULOS DE MESTRADO DA FETS	28
3.2.1. <i>Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos</i>	28
3.2.2. <i>Mestrado do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas</i>	32
3.2.3. <i>Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos</i>	35
IV. RESULTADOS NAS ENQUISAS DE VALORACIÓN DOCENTE NO ÍTEM “A COORDINACIÓN (PARA EVITAR SOLAPAMENTOS DE CONTIDOS, INCOHERENCIAS ...) ENTRE OU PROFESORADO DA MATERIA É AXEITADA”	38
V. CONCLUSIÓNS	40

I. INTRODUCCIÓN

Alcanzar un proxecto educativo de calidade implica necesariamente a consecución dun equipo docente coordinado, cohesionado e dirixido cara a un obxectivo común. A Facultade de Educación e Traballo Social (FETS) do Campus de Ourense consciente da importancia deste reto dispón dunha estrutura e dinámicas de coordinación docente, que funcionan de forma continuada e estable.

A pesar deste enfoque continuo, a Comisión de Calidade do Centro mantense en permanente alerta para identificar necesidades e chegar posibles solucións promovendo cambios necesarios a teor dos desaxustes que se producen nun centro de natureza complexa e cambiante.

Neste *Informe* dáse conta, unha vez máis (11ª edición), do desenvolvemento das diferentes accións de coordinación levadas a cabo no curso 2023-2024, así como dos resultados obtidos.

En concreto é posible destacar durante o curso 23-24 unha serie de fitos de especial impacto na coordinación docente da Facultade.

- 1. Desenvolvemento da 2ª edición do Proxecto de Innovación Docente enfocado á implementación de metodoloxías cooperativas.** É este un feito de especial relevancia no aspecto específico da coordinación e a interdisciplinaridade docente, posto que ao longo do curso académico se desenvolveu o programa formativo e se levaron a cabo accións entre profesorado de diferentes materias, cursos, e graos. Aínda que hai experiencias previas de colaboración entre materias, este proxecto permitirá sistematizar este tipo de accións de *coordinación docente nun intento de conformar unha cultura académica colaborativa e cohesionada, que aporte sentido de unidade e comunidade que ten como punto de referencia o Programa de Desenvolvemento Estratéxico*. O obxectivo xeral deste proxecto interdisciplinar é que o profesorado dos diferentes graos traballe de xeito cooperativo e colaborativo, situándose como modelo para o desenvolvemento de propostas de aprendizaxe cooperativa e promovendo dinámicas multidisciplinares. Como xa se acometerá no curso anterior (2022-2023), ao longo de todo o curso 23-24 desenvóléronse diferentes sesións formativas nas que o profesorado que participou no curso previo actuaba de titor co novo profesorado que se incorporou (ver informe específico e dípticos informativos das diferentes accións formativas desenvolvidas). Toda a documentación pode atoparse na plataforma do SGIC) e continuáronse implementando diferentes dinámicas e fases da metodoloxía colaborativa estruturas complexas. Tamén se promoveu, dende a coordinación, a publicación, no 2024, na Editorial Narcea o libro *El desafío del aprendizaje cooperativo en la Universidad coordinado por Alonso-Ferreiro, A., Mociño-González, Rioboó, B., e Zabalza-Cerdeiriña*, na que se recolleron as experiencias colaborativas desenvolvidas dende diferentes materias implicadas na primeira fase do proxecto. De forma complementaria, tramítase a publicación de dito manual en aberto a través da biblioteca de UVIGO, en versión electrónica. No curso 2023-2024, continúaase coa aplicación das estruturas cooperativas complexas, así como

a formación adherida ao plan. Como resultado deste traballo xurdiu un *banco de datos que está a disposición do profesorado da FETS*, que traballou no proxecto, co propósito de seguir xerando coñecemento na innovación docente, e tamén para fortalecer os equipos de traballo entre profesorado da FETS.

2. **Sistematización do emprego dos formularios de planificación e coordinación docente.** Durante o curso 23-24 continuouse co emprego dos Formularios de Planificación e Coordinación Docente implantados pola Comisión de Calidade durante o curso 22-23 incorporándose ao funcionamento da FETS e os seus títulos como unha rutina de coordinación docente.
3. **Crease no 2023-2024 un espazo no que o profesorado do centro ten a súa disposición como recurso a radio.** Neste caso, impartíuse un curso no que participaron profesorado para a adquisición de competencias específicas no manexo da radio. Por outra banda, o profesorado tamén empregou esta recurso como elemento de dinamización da súa docencia. Este recurso está sendo un elemento ao que distintos profesores recorren para poder colaborar nas súas aulas.
4. **Continuase co plan de promoción do galego, que foi recoñecido coa obtención do distintivo de galegitude.** O que supuxo un apoio económico para accións vencelladas a promoción do galego e cultura galega, na participan distintos profesores, moi especialmente os que forma parte da comisión de normalización lingüística. Este aporte está presente nas accións que están desenrolando para aplicar o plan de establecido vencellado ao distintivo de galegitude. Tamén, a coordinación de PAT, traballou de forma conxunta coas coordinacións dos graos de educación na elaboración de materiais audiovisuais que pretende mostrar o traballo que realiza a Facultade na participación en actividades de mobilidade, formación especializada e competencia en habilidades lingüísticas, así como o compromiso social co desenvolvemento rural.
5. **Continuase traballando a prol da perspectiva de xénero.** O que ten como punto de unión entre distintos profesores, que traballan nesa liña de investigación, en particular promover medidas de acción formativas dirixidas a distintos graos. Incluso na realización de traballos entre materias nas que se aplica a perspectiva de xénero.
6. Por último, o **Programa de Desenvolvemento Estratéxico** da Facultade, a partir de agora PDE-FETS, que se enfoca cara á consecución dun centro con acceso universal e inclusivo. O proceso de análise, debate e aprobación do PDE-FETS implicou numerosas sesións nas cales os docentes de diferentes títulos, áreas e departamentos intercambiaron os seus modelos e ideas para alcanzar unha meta común. Esta procedemento redundou nun mellor coñecemento do profesorado que sen dúbida favorecerá futuras accións de coordinación docente. O establecemento de obxectivos comúns cos cales o profesorado no seu conxunto identifícase, favorecerá un clima de traballo cooperativo. No curso 2023-2024 leváronse a cabo diversas accións vencelladas a este programa, a saber:
 - a) **En setembro de 2023, levouse a cabo unha análise diagnóstica das necesidades de adaptación que requiren acometer tanto na estrutura física (i.e., aspectos arquitectónico e mobiliario), así como espazo virtual. Tamén se analiza a adaptación cognitiva de ambos entornos. Este traballo foi acometido, baixo a supervisión do equipo decanal, pola empresa ILUNION e FADEMGA.** De forma adicional, un bolsreiro do programa do título propio da Uvigo do acompañamento para a vida autónoma (i.e., *programa universitario para*

o emprego e a vida autónoma das persoas con diversidade intelectual), en colaboración con DOWN OURENSE, e a área de emprego da UVIGO, baixo a supervisión do equipo decanal, revisou a WEB do centro, co propósito de identificar posibles barreiras da mesma. Tamén se realizou un estudo para a adaptación da páxina Web, da tradución ao inglés, dos epígrafes máis relevantes.

- b) **No mes de xullo de 2023, iniciase o contacto coas primeiras institucións e entidades coas que imos a colaborar na execución e implementación do Programa de desenvolvemento Estratéxico, tal sería o caso da reunión coa Vicerreitoría do Campus de Ourense.**
- c) **Deseñouse no primeiro cuadrimestre e aplicouse no segundo cuadrimestre do curso 2022-2023 a enquisa que trata de facer unha diagnose da guías docentes dos graos e dos mestrados impartidos na FETS, co propósito de identificar o número e porcentaxe de profesorado que aborda nas súas materias o concepto de *diversidade*.** Tamén se preguntou por o número de profesores que inclúen nas súas materias metodoloxías activas e innovadoras. De forma complementaria, realizase unha pesquisa para saber cantos TFG e TFM e teses de doutoramento abordan o tema de diversidade.
- d) **No tocante a sustentabilidade,** levouse a cabo un reforzo de contedores para levar a cabo unha reciclaxe para separación de residuos.
- e) **Reforzo e fomento das prácticas externas,** continuando coa convocatoria de prácticas no rural.

Tendo en consideración **os acordos do PDE-FETS no relativo a Política e obxectivos de calidade cara o período 2023-2026.** O avance cara á consecución dos obxectivos establecidos no Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS) toma como referencia a folia de roteiro ben establecida no curso 2022-2023, que permite controlar e avaliar en que medida a facultade se aproxima ás metas establecidas. Con este obxectivo, de forma paralela ao debate, redacción e aprobación do PDE foi necesario o desenvolvemento dos obxectivos que guiarán ou noso percorrido en cada uns dous cursos que abrangue o PDE, así como, dos indicadores e medidas que servirán de ferramentas para verificar os progresos realizados. Estes indicadores serán integrados no Cadro de Mandos da Facultade, co fin de verificar en que medida as accións implantadas permiten a consecución da misión da Facultades. **Así pois, con carácter prospectivo e con intención de darlle continuidade a aplicación do Programa Estratéxico, no curso 2024-2025, no primeiro cuadrimestre leváronse a cabo as seguintes accións, a saber:**

No primeiro cuadrimestre do curso 2024-2025

1. **Deseñouse e aplicouse a enquisa de satisfacción de potenciais empregadores dos graos e mestrados da Facultade.** A coordinación de calidade traballou de forma conxunta coa comisión de practicum para a elaboración da enquisa.
2. **Realizouse unha adaptación da enquisa da Guía do PAT-ANEAE, sobre a avaliación do funcionamento do PAT, co propósito de responder a unha acción de mellora proposta no curso 2022-2023, ao tempo que poder responder a un dos ítems incluídos no**

cadro de mandos, que recolle o planen de indicadores de calidade do centro.

3. **Realizouse a visita de FADEMG A para iniciar a execución das recomendacións recollidas no informe de ACCESIBILIDADE FÍSICA E COGNITIVA.**
4. Estudiase a **adaptación do PLAN ESTRATÉXICO ao sistema Braille.**
5. Elaborase un **informe descritivo das materias dos graos, mestrados que empregan metodoloxías innovadoras e activas**, ademais da abordaxe de cuestións **relacionadas coa diversidade**. Publicando os resultados no segundo cuadrimestre.
6. Elaborase **un manual de acollida ao profesorado novo**, no que se recollen as características identitarias do centro, así como o protocolo que deben seguir para poder executar, de forma eficaz, o seu traballo na Facultade, de xeito que se sintan ben acollidos.
7. Reforzo e fomento das prácticas externas, continuando coa convocatoria de prácticas no rural. De forma adicional, no curso 2024-2025 se está se **traballando nas prácticas de extranxeiro**, que está desenvolvendo a coordinadora de Erasmus.
8. Reactivación da comisión de prácticum, incorporando todos os títulos do centro, tanto graos como mestrados.
9. Creación dunha **rúbrica común de avaliación para o TFG e TFM** dos títulos do centro, que foi validada na comisión de calidade e aprobado na Xunta de Centro no 18/12/2024. Estará dispoñible no curso 2024/2025 a todos os titores/as en formato dixital.
10. Selección dos informantes de satisfacción de empregadores para área de calidade da Uvigo, realizado por parte das coordinación do prácticum.
11. Continuación coas reunións formais con entidades para obter recursos económicos para desenvolver accesibilidade no centro e, poder ofrecer unha atención a diversidade, con calidade.

No segundo cuadrimestre do curso 2024-2025.

1. Lévese a cabo a actualización da páxina Web adaptándose aos obxectivos do PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO.
2. Lévese a cabo a publicación da Convocatoria para promover un premio de investigación, que promova a atención a diversidade.
3. Elaborase un protocolo de atención a diversidade, levándose a cabo diversas reunións coa directora da área de diversidade (Raquel) e a Xefa de Servicio de axudas ao estudo, bolsas e precios públicos (Rosa Graña).
4. Continuidade coa promoción coas prácticas con institucións da contorna, a través das accións do equipo decanal, así como iniciativas derivadas dos APS dirixidos polo profesorado.

problemáticas que xorden no día a día.

Reflíctese detalladamente a estrutura académica cos respectivos responsables (táboa 1), que con perspectiva histórica recolle os tres últimos cursos.

Táboa 1. Persoal docente responsable da coordinación académica (curso 2023-24)

Coordinación de títulos				
Apelidos e Nome	Cód. Dpto.	Cód. Área	Responsabilidade	Email e Telf.
Mociño González, María Isabel	X05	195	Coordinadora título Educación Infantil	imocino@uvigo.es 988387189
Iglesias Álvarez, Ana María	H03	370	Coordinadora título Educación Primaria	anaiglesias@uvigo.es 988387146
López Viso, Mónica*	X11	070	Coordinadora título Trabajo Social	mviso@uvigo.es 988387264
Carrera Fernández, María Victoria*	X01	805	Coordinadora título Educación Social	maviccarrera@uvigo.es 988387139
Antonio González Fernández	X01	730		

Apelidos e Nome	Cód. Dpto.	Cód. Área	Responsabilidade	Email e Telf.
Coordinación curso: Educación Infantil				
Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	Coord. 1º Ed. Infantil	almalonso@uvigo.es 988 387 176
González Vázquez, María Mercedes	H03	370	Coord. 2º Ed. Infantil	mercedes@uvigo.gal 988387176
Constenla Vega, Xosé	X05	210	Coord. 3º Ed. Infantil	xose.constenla@uvigo.es 988 387 181
Díaz Pereira, María del Pino	X05	245	Coord. 4º Ed. Infantil	pinod@uvigo.es 988387187
Coordinación curso: Educación Primaria				
García Señorán, María del Mar	X10	735	Coord. 1º Ed. Primaria	mseñoran@uvigo.es 988387180
Conde Rodríguez, Ángeles	X10	735	Coord. 2º Ed. Primaria	angelesconde@uvigo.es 988387254
Iglesias Álvarez, Ana María	H03	370	Coord. 3º Ed. Primaria	anaiglesias@uvigo.es 988387146
McNicholls, Stuart	H04	345	Coord. 4º Ed. Primaria	stuartmcn@ymail.com 988387186
Coordinación curso: Educación Social				
Carrera Fernández, María Victoria Fernández Simo, Jesús	X01	805	Coord. 1º Ed. Social	maviccarrera@uvigo.es 988387178

Rodríguez Castro, Yolanda	X01	680	Coord. 2º Ed. Social	yrcastro@uvigo.es 988387130
Failde Garrido, José María	X01	680	Coord. 3º Ed. Social	jfailde@uvigo.es 988387286
Dapía Conde, María Dolores	X01	805	Coord. 4º Ed. Social	ddapia@uvigo.es 988387126
Coordinación curso: Traballo Social				
López Viso, Mónica	X11	070	Coord. 1º Traballo Social	mviso@uvigo.es 988387264
Méndez Fernández, Ana Belén	X01	813	Coord. 2º Traballo Social	anabel@uvigo.es 988387149
López Viso, Mónica	X11	070	Coord. 3º Traballo Social	mviso@uvigo.es 988387264
González Rodríguez Rubén	X01	813	Coord. 4º Traballo Social	rubgonzalez@uvigo.es 988 387128
Coordinación prácticas externas curriculares				
Raposo Rivas, Manuela	X04	215	Educación Infantil	mraposo@uvigo.es 988 387 164
García Señorán, María del Mar	X10	735	Educación Primaria	msenorán@uvigo.es 988387180
Dapía Conde, María Dolores Fernández Simo, Jesús Deibe	X01	805	Educación Social	ddapia@uvigo.es 988387126 jesfernandez@uvigo.gal 988 387 185
Vázquez Pérez, Raquel	X01	813	Traballo Social	raquel.vazquez.perez@uvigo.es 988387097
Coordinación Traballo Fin de Grao				
Díaz Pereira, María del Pino	X05	245	Educación Infantil	pinod@uvigo.es 988387187
McNicholls, Stuart	H04	345	Educación Primaria	stuartmcn@ymail.com 988387186
González Fernández, Antonio	X01	730	Educación Social	aglez@uvigo.es 988387110
González Rodríguez Rubén	X01	813	Traballo Social	rubgonzalez@uvigo.es 988 387128
Coordinación mobilidade estudantes				
Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa	X04	215	Coordinador	mzabalza@uvigo.es 988 38 7263
Méndez Fernández, Ana Belén	X01	813	Apoio á mobilidade	anabel@uvigo.es 988387149
Rodríguez Castro, Yolanda	X01	680	Apoio á mobilidade	yrcastro@uvigo.es 988387130
McNicholls, Stuart	H04	345	Apoio á mobilidade	stuartmcn@ymail.com 988387186
Fernández Carballo-Calero, Mª Victoria	H04	345	Apoio á mobilidade	victoria@uvigo.es 988387303
Figueroa Revilla, Beatriz	H04	345	Apoio á mobilidade	revilla@uvigo.es 988387295

Martínez Román, Rosana	X01	805	Apoio á mobilidade	rosanamr@uvigo.gal 988387185
------------------------	-----	-----	--------------------	---

Apoio a prácticas extra-curriculares

Fernández Simo, Jesús Deibe	X01	805	Coordinador Educación Social	jesfernandez@uvigo.gal 988387185
Raposo Rivas, Manuela	X04	215	Educación Infantil	mraposo@uvigo.gal 988 387164
García Señorán, María del Mar	X10	735	Educación Primaria	moseno@uvigo.gal 988387180
Méndez Fernández, Ana Belén	X01	813	Traballo Social	anabel@uvigo.gal 9883877149

Coordinación Calidade

Díaz Pereira, María del Pino	X05	245	Coordinación	pinod@uvigo.es 988387187
González Fernández, Antonio	X01	730	Apoio Calidade Educación Social	aglez@uvigo.gal 988387110
Mociño González, María Isabel	X05	195	Apoio Calidade Educación Infantil	imocino@uvigo.es 988387189
Iglesias Álvarez, Ana María	H03	370	Apoio Calidade Educación Primaria	anaiglesias@uvigo.es 988387146
Aguiar Fernández, Francisco Javier	X01	813	Apoio Calidade Traballo Social	francisco.aguiar@uvigo.es 988387097
González Rodríguez, Rubén Vázquez Figueiredo, María José	X01 X01	813 730	Apoio Calidade Mestrados	rubgonzalez@uvigo.es 988 387128 figueiredo@uvigo.es 988387142

Coordinación PAT

Vázquez Figueiredo, María José	X01	730	figueiredo@uvigo.es 988387142
--------------------------------	-----	-----	---

Atención á diversidade e orientación

García Señorán, Mar	X10	735	mosenoran@uvigo.es 98838387180
Rodríguez Rodríguez, Juan Luis	X10	735	juanluisrr@uvigo.es 988 387 289

Formación e innovación educativa

Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa	X04	215	mzabalza@uvigo.es 988387263
---------------------------------	-----	-----	---

Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	almalonso@uvigo.es 988 387 176
---------------------------	-----	-----	---

Captación, orientación e difusión de información dos Títulos			
--	--	--	--

Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	almalonso@uvigo.es 988 387 176
---------------------------	-----	-----	---

Reflicítese detalladamente a estrutura académica cos respectivos responsables (táboa 2), que con incorpora persoal docente e investigador, que se incorpora a FETS, actualizada en XC 04/07/2024.

Táboa 2. Persoal docente responsable da coordinación académica (curso 2024-25)

Coordinación de títulos				
Apelidos e Nome	Cód. Dpto.	Cód. Área	Responsabilidade	Email e Telf.
Mociño González, María Isabel	X05	195	Coordinadora título Educación Infantil	imocino@uvigo.es 988387189
Iglesias Álvarez, Ana María	H03	370	Coordinadora título Educación Primaria	anaiglesias@uvigo.es 988387146
Verde Diego, María del Carmen	X11	813	Coordinadora título Trabajo Social	carneverde@uvigo.es 988387308
Antonio González Fernández	X01	730	Coordinadora título Educación Social	aglez@uvigo.gal 988387110

Apelidos e Nome	Cód. Dpto.	Cód. Área	Responsabilidade	Email e Telf.
Coordinación curso: Educación Infantil				
Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	Coord. 1º Ed. Infantil	almalonso@uvigo.es 988 387 176
González Vázquez, María Mercedes	H03	370	Coord. 2º Ed. Infantil	mercedes@uvigo.gal 988387173
Constenla Vega, Xosé	X05	210	Coord. 3º Ed. Infantil	xose.constenla@uvigo.es 988 387 181
Díaz Pereira, María del Pino	X05	245	Coord. 4º Ed. Infantil	pinod@uvigo.es 988387187
Coordinación curso: Educación Primaria				
García Señorán, María del Mar	X10	735	Coord. 1º Ed. Primaria	mseñoran@uvigo.es 988387180
Conde Rodríguez, Ángeles	X10	735	Coord. 2º Ed. Primaria	angelesconde@uvigo.es 988387254
Táboas Pais, Inés	X05	187	Coord. 3º Ed. Primaria	inestaboas@uvigo.gal 988387293

Acuña Ferreira, Antonia Virginia	H10	345	Coord. 4º Ed. Primaria	virginia@uvigo.gal 988387079
Coordinación curso: Educación Social				
Fernández Simo, Jesús Deibe	X01	805	Coord. 1º Ed. Social	jesfernandez@uvigo.gal 988387185
Rodríguez Castro, Yolanda	X01	680	Coord. 2º Ed. Social	yrcastro@uvigo.gal 988387130
Failde Garrido, José María	X01	680	Coord. 3º Ed. Social	jfailde@uvigo.gal 988387230
Dapía Conde, María Dolores	X01	805	Coord. 4º Ed. Social	ddapia@uvigo.gal 988387126
Coordinación curso: Traballo Social				
López Viso, Mónica	X11	070	Coord. 1º Traballo Social	mviso@uvigo.es 988387264
Méndez Fernández, Ana Belén	X01	813	Coord. 2º Traballo Social	anabel@uvigo.es 988387149
López Viso, Mónica	X11	070	Coord. 3º Traballo Social	mviso@uvigo.es 988387264
González Rodríguez Rubén	X01	813	Coord. 4º Traballo Social	rubgonzalez@uvigo.es 988 387128
Coordinación prácticas externas curriculares				
Raposo Rivas, Manuela	X04	215	Educación Infantil	988 387 164 mraposo@uvigo.es
García Señorán, María del Mar	X10	735	Educación Primaria	msenoran@uvigo.es 988387180
Fernández Simo, Jesús Deibe	X01	805	Educación Social	jesfernandez@uvigo.gal 988 387 185
Verde Diego, María del Carmen Vázquez Silva, Iria	X01 X11	813 775	Traballo Social	carmenverde@uvigo.gal 9883871308 jvazquez@uvigo.gal 988387128
Coordinación Traballo Fin de Grao				
Díaz Pereira, María del Pino	X05	245	Educación Infantil	pinod@uvigo.es 988387187
Acuña Ferreira, Antonia Virginia	H10	567	Educación Primaria	virginia@uvigo.gal 988387079
González Fernández, Antonio	X01	730	Educación Social	aglez@uvigo.es 988387110
González Rodríguez Rubén	X01	813	Traballo Social	rubgonzalez@uvigo.es 988 387128
Coordinación mobilidade estudantes				
Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa	X04	215	Coordinador	mzabalza@uvigo.gal 988 38 7263
Méndez Fernández, Ana Belén	X01	813	Apoio á mobilidade	anabel@uvigo.es 988387149

Míguez Álvarez, Carla María	X05	195	Apoio á mobilidade	camiguez@uvigo.gal 988387203
Loureiro García, Marcos	C06	195	Apoio á mobilidade	maloureiro@uvigo.gal 988387224
Martínez Román, Rosana	X01	805	Apoio á mobilidade	rosanamr@uvigo.gal 988387185

Apoio a prácticas extra-curriculares

Fernández Simo, Jesús Deibe	X01	805	Coordinador Educación Social	jesfernandez@uvigo.gal 988387185
Raposo Rivas, Manuela	X04	215	Educación Infantil	mraposo@uvigo.gal 988 387164
García Señorán, María del Mar	X10	735	Educación Primaria	mseno@uvigo.gal 988387180
Méndez Fernández, Ana Belén	X01	813	Traballo Social	anabel@uvigo.gal 9883877149

Coordinación Calidade

Vázquez Figueiredo, María José	X01	730	Coordinación	figueiredo@uvigo.es 988387142
González Fernández, Antonio	X01	730	Apoio Calidade Educación Social	aglez@uvigo.gal 988387110
Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	Apoio Calidade Educación Infantil	almonso@uvigo.gal 988387176
Iglesias Álvarez, Ana María	H03	370	Apoio Calidade Educación Primaria	anaiglesias@uvigo.es 988387146
López Viso, Mónica	X01	730	Apoio Calidade Traballo Social	mviso@uvigo.gal 988387264
González Rodríguez Rubén	X01	813	Apoio Calidade Mestrados	rubgonzalez@uvigo.es 988 387128
Vázquez Figueiredo, María José	X01	730		figueiredo@uvigo.es 988387142
Sierra Martínez, Silvia	X04	215		sierra@uvigo.gal 988387229
Sánchez Martínez, María Cristina	X04	215		c.sanchez@uvigo.gal 988387263

Coordinación PAT

García Vázquez, Yolanda	X01	813	mariayolanda.garcia@uvigo.gal 988387128
-------------------------	-----	-----	---

Atención á diversidade e orientación

García Señorán, Mar	X10	735	msenoran@uvigo.es 98838387180
---------------------	-----	-----	---

Formación e innovación educativa			
Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa	X04	215	mzabalza@uvigo.es 988387263
Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	almalonso@uvigo.es 988 387 176

Captación, orientación e difusión de información dos Títulos			
Alonso Ferreiro, Almudena	X04	215	almalonso@uvigo.es 988 387 176

Reflicítese detalladamente a estrutura académica cos respectivos responsables (táboa 2), que con incorpora persoal docente e investigador, que se incorpora a FETS, actualizada en XC 04/07/2024.

III. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Neste apartado expóñense as principais accións de coordinación desenvolvidas no curso académico 2023-24.

3.1. Coordinación de Títulos de Grao

Para cada un dos Graos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social) preséntase unha síntese das accións de coordinación docente desenvoltas (ver táboas nas seguintes páxinas).

A FETS implementou e integrou no seu funcionamento ordinario unha serie de accións de coordinación que se repiten cada curso con lixeiras adaptacións, polo cal, non nos estenderemos na explicación de actividades que forman parte do funcionamento consolidado do noso centro e que poden ser consultadas con detalle nos informes de coordinación de cursos anteriores. É por iso, que nas seguintes táboas, non se fará un desenvolvemento exhaustivo de accións que foron descritas con detalle en anteriores informes.

Para facilitar o seguimento das accións desenvolvidas e os seus obxectivos utilízanse nas táboas os seguintes códigos de cores asociadas ás estruturas organizativas desde as cales se impulsan as diferentes dinámicas de coordinación.

	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN PROMOVIDAS DESDE O DECANATO
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN VINCULADAS Á COMISIÓN DE CALIDADE

Facultade de Educación
e Traballo Social

Universidade de Vigo

Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.:988387101
Fax.: 988 387159
<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIÓNS DE GRAOS
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIÓNS DE CURSO
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE A COORDINACIÓN DE MATERIA
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE A COORDINACIÓN NAS MATERIAS PRACTICUM E TFG
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN PROMOVIDAS DESDE O DECANATO			
MOTIVACIÓN	PERSOAS IMPLICADAS	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVIDAS	DATA
O equipo decanal promove, coordina e dinamiza o conxunto de accións de coordinación docente do Centro.	Decano Vicedecanos-as Secretaria	<p>O equipo decanal deu continuidade ás accións implantadas en cursos anteriores con reunións periódicas, debates e seguimento das propostas de mellora dos títulos. Estas accións pódense sintetizar en:</p> <ol style="list-style-type: none"> Organización académica: adaptación ao escenario de pospandemia. Esfuerzo das coordinacións de todos os títulos na organización e deseño conxuntos de horarios e distribución de espazos e recursos, tanto no período de modalidade semipresencial, como na modalidade de presencialidade total. Análise das enquisas de satisfacción, debate co grupo de apoio á coordinación para valorar accións que redunden na mellora da coordinación de cada curso, entre cursos e dentro de cada materia. Proposta de cronograma coas accións a levar a cabo e as respectivas datas para o proceso de revisión/confección de Guías Docentes e presentación de TFG. Continuidade no uso de formularios de planificación e coordinación docente, coa implicación de coordinacións de título e curso, que procederon a analizar para cada cuadrimestre o posible solapamentos de contidos, entrega de traballos e probas de avaliación, adoptando medidas de corrección. Continua vixente a sistematización do rexistro de actas do Plan de Acción Titorial (PAT). Implicación da coordinación de PAT, de títulos e profesorado responsable para identificar posibles desaxustes e adoptar accións de mellora. Implicación do equipo decanal na consecución do Proxecto de Innovación Docente. En concreto as accións de coordinación desenvolvidas foron: liderado do proxecto, reunións de coordinación co profesorado interesado en participar. Aplicación de accións asociadas o regulamento de delegados de alumnado. Coordinación entre profesorado de diferentes cursos e titulacións para o desenvolvemento e aplicación do regulamento. 	Reunións periódicas durante todo o curso, celebradas na sala de traballo do equipo decanato.

ACCIÓN DE COORDINACIÓN VINCULADAS Á COMISIÓN DE CALIDADE

CUESTIÓN ABORDADA E DINÁMICAS DESENVOLTAS A continuación recóllese as actuacións e debates desenvolvidas no marco da comisión de calidade	DATA
<p>COMISIÓN DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE 22/11/2023</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Validase a adaptación das Titulacións do Centro ao RD 822/2021. 2. Validase a declaración de interese do Máster en Prevención e Tratamento das Drogodependencias e Conductas Aditivas e a súa implantación na Facultade de Educación e Traballo Social para o curso 2024/2025. <p>COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE 21/12/2023</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación das actas das sesións anteriores: 9 marzo de 2023; 16 maio de 2023; 22 novembro de 2023. 2. Informe do presidente 3. Información sobre as accións desenvolvidas en relación ao Plan Estratéxico do centro 23-24. 4. Información sobre modificación das memorias dos títulos. 5. Informe de resultados da enquisa de satisfacción das entidades empregadoras nas titulacións do curso 2022-2023. 6. Proposta de accións de mellora a incorporar no SGIC da Facultade de Educación e Traballo Social. 7. Validación do Informe de avaliación do curso 2021/2022 relativo á satisfacción do alumnado nas materias do Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (INFORME PAESU-MC_05 Satisfacción de Usuarios e Usuarios) 8. Validación do Informe de Seguemento da Información pública 2022-2023 (R1-DO0301-Información Publica V1/08/07/2021) 9. Validación dos informes das accións de Coordinación docente do centro do curso 2022-2023. 10. Validación do informe do PAT do centro relativo ao curso 2023-2023 11. Validación do cronograma de asignación de titores e accións relativas á titorización, dentro do marco do PAT do curso 2023-2024, nos títulos do Centro. 12. Validación da memoria de avaliación das actividades incluídas no Plan de Formación Continua do PDI do curso 2022-2023 13. Validación prpostas para actualización e validación das accións formativas e/ou do Plan de Formación Continua do PDI para o curso 2023/2024 14. Aprobación do plan de sustentabilidade 2024-2026 da Facultade de Educación e Traballo Social. 15. Presentación da Creación da Comisión de Ética da Facultade de Educación e Traballo Social. <p>COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE 09/03/2023</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación das actas das sesións anteriores: 2. Informe do presidente 3. Validación do Plan de desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social PDE-FETS e a Política e Obxectivos de calidade. 4. Validación do Informe de Revisión pola dirección do Centro e proposta de mellora (curso académico 2021-2022) 5. Validación do informe de avaliación do curso 2021-2022 relativo á satisfacción do alumnado na materias do Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (INFORME PAESU-MC-05 Satisfacción de Usuarios e Usuarías). 6. Validación da nova Normativa do Traballo Fin de Grado e Guía Didáctica asociada. 7. Validación da nova Normativa do Traballo Fin de Máster aplicable o Mestrado de Intervención Multidisciplinar en Contextos Educativos. 	2023

COMISIÓN DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE 16/06/2023

1. Apróbanse as ideas para o desenvolvemento do Plan Estratexico da Facultade de Educación e Traballo Social.
 - 1.1. Solicitar unha reunión co reitor e a Vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade
 - 1.2. Solicitar un breve informe sobre as necesidades do colectivo de estudantes cara ao que se dirixirían as acción do servizo de apoio socioeducativo e o seu aliñamento co PDE.
 - 1.3. Iniciar outras liñas de actuación para a posta en marcha do PDE, a saber: Identificar nas guías docentes das materias das diferentes titulacións os contidos, metodoloxías e recursos que promoven a inclusión. Redactar as base para un premio de recoñecemento á perspectiva inclusiva nos traballos de TFG e TFM e teses de doutoramento. Promover accións de visibilización do PDE e as acción vinculadas á inclusión para o que se destinaran recursos económicos cara unha política de publicidade e difusión en redes sociais, así como da implantación da oferta de apoio socioeducativo, en canto se poña en marcha.

COMISIÓN DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE 13/05/2024

2. Aprobese as actas das sesións anteriores.
3. Informe do presidente: informa sobre o proceso de acreditación institucional; informa do seguimento do PDEF
4. Aprobese a aprobación do orzamento para afrontar o “Diagnóstico de accesibilidade cognitiva da FETS.
5. Aprobese o cuestionario para dar resposta aos obxectivos/metos/indicadores PDEFETS
6. Aprobese o cadro de mandos da FETS deseñado en resposta á acción de mellora 1: RCSGC1-2023
7. Analizanse as melloras das acción asociadas á acción de mellora 1: RCSGC1-2023: Despregamento, seguimento e medición do Programa Estratéxico
8. Validase o informe de Revisión pola Dirección do Centro e as propostas de mellora
9. Rola aberta de intervencións

2024

ACCIÓN DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIÓN DE GRAOS

Acadar unha axeitada organización entre o profesorado e unha boa articulación dos contidos que imparte desde as respectivas materias, así coma a distribución gradual e racional da carga de traballo nos respectivos cuadrimestres

TITULACIÓN/S	CUESTIÓN ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
Acción de Coordinación orientados a todos os títulos da Facultade	<p>Reunión de coordinación dos membros da Facultade participantes no proxecto piloto de innovación docente: formación, planificación e</p> <p>Reunións de coordinación entre o profesorado da Facultade participantes no proxecto piloto de innovación docente: formación, planificación, reflexión e execución do proxecto na súa fase de proliferación e desenvolvemento de estruturas complexas nas diferentes materias dos títulos. Fase de acompañamento e coordinación co profesorado de nova incorporación ao proxecto.</p> <p>Dinamización e desenvolvemento do plan de formación continua do profesorado no que se levaron a cabo as seguintes accións formativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xestión de Prácticas Académicas Externas • Aprender a cooperar, cooperar para aprender. Aprendizaxe cooperativa na aula universitaria. • Impresión 3D no ámbito educativo • Aprendizaxe cooperativa no prácticum dos graos de Educación Infantil e Primaria • A Radio como recurso para a docencia universitaria. <p>Seguindo coa liña de anteriores cursos, desde o Decanato e a Coordinación de Calidade insístiuse periodicamente en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise conxunta das directrices xerais establecidas na Ficha de Materia recollida na memoria Verifica • Establecemento de acordos sobre a definición operativa de competencias, contidos, resultados de aprendizaxe, metodoloxías e sistemas de avaliación recollidos na Guía Docente. • Distribución de competencias e contidos a traballar por cada un dos docentes da materia • Acordo sobre o deseño, recollida ou adaptación de ferramentas de aprendizaxe e recursos para a avaliación 	Ver informes específicos na plataforma do SGIC
Educación Infantil e Educación Primaria	<p>Reunión inicial de coordinación docente no inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para abordar o desenvolvemento do curso: organización e cambio de grupo, formulario de coordinación e planificación docente, etc.</p>	Setembro xaneiro
	<p>Ao longo do ano lectivo celebráronse reunións periódicas entre o profesorado de cada curso de Educación Infantil e Educación Primaria, dinamizadas pola coordinación de curso, nas que se abordaron cuestións metodolóxicas, carga de traballo, problemáticas de cada grupo etc.</p>	Durante todo o curso
Educación Social	<p>Reunión inicial de coordinación docente no inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para abordar o desenvolvemento do curso: organización e cambio de grupo, formulario de coordinación e planificación docente, etc.</p>	
	<p>Ao longo do ano lectivo celebráronse reunións periódicas entre o profesorado de cada curso de Educación Social, dinamizadas pola coordinación de curso, nas que se abordaron cuestións metodolóxicas, solapamento de contidos, carga de traballo, ou problemáticas específicas de cada grupo, entre outras cuestións.</p>	Durante todo o curso

Traballo Social	Correo de benvida enviado a todo o profesorado informando do comezo do curso e facilitando horarios, distribución de grupos e datos das persoas encargadas da coordinación de curso, prácticum e TFG no curso 22-23.	6/9/2023
	A coordinadora actualizou os catro Espazos de Coordinación correspondentes a cada un dos cursos do Grao (1º, 2º, 3º e 4º), creados a curso pasado. Cada espazo está xestionado polo coordinador/a do curso respectivo e a coordinadora do Grao.	Setembro de 2023
	Co propósito de centralizar a comunicación e o intercambio de información, creouse o "Espazo de Coordinación Docente" na Plataforma Moovi (https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=14054). Este espazo serve como punto de encontro virtual para todo o profesorado do Grao. O Espazo presenta as seguintes seccións: Coordinación Grao; Guías Docnet; Horarios e calendario académico; Horarios e Exames; Informes de coordinación docente; Documentos de interese; Espazo de comunicación; Recursos docentes compartidos	20/10/2023 Con actividade todo o curso
	Implementouse un sistema para a solicitude e envío por correo electrónico dos Formularios de Coordinación de cada materia na plataforma Moovi no Espazo de Coordinación Docente, facilitando así un proceso eficiente e transparente.	1/11/2023 ao 15/11/2023
	O Espazo de Coordinación Docente utilizarase como canle principal para proporcionar información ao longo do curso: anuncios sobre coloquios, enquisas de avaliación docente, horarios, aulas asignadas, eventos, debates, xornadas, cursos e proxectos de interese para o profesorado.	Todo o curso
	Ao longo do ano, celebráronse reunións entre o profesorado dos distintos cursos do Grao de Traballo Social. Estas reunións, dinamizadas pola coordinación do curso, abordaron cuestións metodolóxicas, carga de traballo e problemáticas específicas de cada grupo.	Todo o curso
	A coordinadora do Grao encargouse de actualizar regularmente os catro Espazos de Coordinación correspondentes a cada un dos cursos do Grao, creados a curso pasado. Cada espazo está xestionado polo coordinador/a do curso respectivo e a coordinadora do Grao.	Todo o curso
	Correo de benvida enviado a todo o profesorado informando do comezo do curso e facilitando horarios, distribución de grupos e datos das persoas encargadas da coordinación de curso, prácticum e TFG no curso 23-24.	6/9/2023

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE LA COORDINACIÓN NAS MATERIAS PRACTICUM e TFG

ACCIÓNS ESPECÍFICAS NOS DIFERENTES TÍTULOS NA MATERIA DE PRÁCTICUM

<p>Accións específicas nos títulos de EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA</p>	<p>Modificáronse as Orientacións para a realización do Prácticum e actualizouse a documentación de acordo á normativa da UVigo e ao novo Regulamento da Facultade.</p> <p>Como en cursos anteriores seguiu incidindo na coordinación entre as titoras e titores dos centros educativos e as titoras e titores académicos na realización das tarefas a realizar para o bo desenvolvemento do Prácticum e remitiuse aos centros educativos documentación de interese. Celebrouse unha xuntanza virtual de coordinación o 9 de outubro para revisar os procedementos e novos anexos. Tamén se indicou que entraría en vigor o 1/01/2024 o Real Decreto-lei 2/2023 e se intentaron resolver ás dúbidas relacionadas coa obriga de alta e cotización na Seguridade Social das prácticas do alumnado.</p> <p>No Plan de Formación Continua do PDI propuxéronse sesións formativas dirixidas aos titores/as académicos para desenvolver progresivamente un Prácticum innovador e de maior calidade, introducindo opcións de traballo cooperativo entre os estudantes para a realización das prácticas externas. As titoras e titores tamén participaron nas formacións impartidas dende a Área de Emprego da UVigo sobre o uso da nova plataforma de xestión das prácticas externas.</p> <p>Nas xuntanzas de coordinación entre titores/as académicos analizáronse os incidentes no comezo do Prácticum e a xestión do Prácticum ó abeiro da modificación do Regulamento de Prácticas da UVigo; revisáronse as tarefas das persoas titoras na nova plataforma de prácticas da UVigo; debateuse o interese da participación do alumnado no programa “Generación Docente”, da Fundación Princesa de Girona; consensuouse o contido da xuntanza informativa sobre o procedemento do Prácticum co alumnado de 3º curso; reflexionouse sobre a posibilidade de realizar as sesións de tutorización do alumnado de forma grupal e con compañeiras/os de distintas áreas de coñecemento. Tamén se avaliaron os estudantes en Prácticas.</p>	
<p>Accións específicas no título de Educación Social na materia Prácticum</p>	<p>11/04/2023. Comisión de prácticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Regulamento de prácticas externas curriculares do estudantado do grao en educación social <p>02/06/2023. Comisión de prácticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do alumnado. - Posibles matriculas de hora. - Varios <p>Días 6, 7, 13 e 27 de febreiro e Día 7 de xuño: Reunións con institucións de prácticas do alumnado de educación social enmarcadas na acción formativa para o profesorado de prácticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formación titulada: As Institucións de prácticas como vehículo de conexión coa sociedade. - Nas xuntanzas formativas analizouse a realidade das institucións colaboradoras no practicum e as demandas que teñen de cara a establecer dinámicas positivas de colaboración 	

<p>Accións específicas no título de Traballo Social</p>	<p>Ao longo do ano lectivo celebráronse diversas reunións do profesorado do Prácticum, dinamizadas pola coordinación de curso, nas que se abordaron cuestións metodolóxicas, aprobación no novo regulamento, desenvolvemento das prácticas, incidencias sobrevidas, entre outras cuestións.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correo de benvinda enviado a todo o profesorado achegando os seguintes documentos: - Creación da aparencia en Moovi da materia Practicum 23.24: formularios de coordinación materia e demais documentación - Distribución e horarios de Grupos B e C e titores académicos e horarios - Resumen de modalidades e entregas de Prácticum - Rúbricas de avaliación de dossier, casos e memoria 	
--	--	--

<p align="center">ACCIÓNES ESPECÍFICAS PARA TODOS OS TÍTULOS NA MATERIA TFG</p>		
<p>Como en cursos anteriores, a coordinación da materia de TFG realizouse a través de dúas vías principais: 1) no marco de cada título, a través do coordinador/a específico de TFG; 2) no marco do centro, a través da Comisión de coordinación de TFG, creada no curso 2021/2021 e que constitúe o órgano responsable da coordinación dos docentes dos catro graos da Facultade. Neste sentido, todos os coordinadores levan a cabo accións conxuntas, simultáneas e homoxéneas para todas as titulacións de grao. En resumo, as accións levadas a cabo pódense sintetizar do seguinte modo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acordouse nunha reunión da Comisión Permanente o cronograma das diferentes fases de solicitude e avaliación para as distintas convocatorias do TFG. Tamén se aprobou a Comisión para M.H. do TFG para cada un dos títulos. Cabe sinalar que en todas as convocatorias de avaliación/defensa do TFG se desenvolveron de xeito presencial, agás aqueles casos específicos onde a persoa do tribunal unipersoal tiña concedido un permiso oficial do seu departamento. - A Comisión de TFG reuniuse para consensuar o inicio do proceso para a titorización do TFG no curso 2023-24, así como a apertura de prazo para comunicar o nº de prazas ofertadas e as liñas de investigación para a titorización. A dita comunicación co PDI do centro realizouse mediante correo electrónico a lista específica de distribución. - Desenvolveuse unha reunión da Comisión de Coordinación de TFG da Facultade para decidir a asignación máxima de TFG por titor-a (tempos completos e tempos parciais). - A través do correo electrónico comunicóuselle ao profesorado titor de TFG a existencia dun período para a revisión/apertura de incorporación das liñas de investigación. -Previamente a cada convocatoria, a Comisión de TFGs reuniuse para consensuar as indicacións que se trasladan a alumnado e profesorado a través do Moovi. Ao respecto dos titores/as, contactouse previamente con eles/as para a asignación dos horarios de defensa. Así mesmo, remitíuselles por correo electrónico o calendario e horarios definitivos, así como os formularios que deben cubrir, lembrándolles o procedemento e a normativa aplicable. Na dita comunicación, facilitouse información sobre os procedementos a realizar en Moovi e na secretaría virtual (a través da aplicación SIGMA) para a solicitude e defensa do TFG. - Outra acción que pode considerarse un indicador da coordinación nesta materia, en prol de garantir a calidade dos procesos, é a actuación da Comisión de matriculas de honra, na cal participan docentes de diferentes áreas de coñecemento que emiten avaliación sobre que traballos dos propostos polas/os titoras/é son merecedores de MH. A dita comisión posibilita un control ao respecto da calidade daquelas cualificacións que reciben a maior nota e a correspondente mención. - Finalmente, indicar que un dos maiores retos de coordinación no curso 2023/2024 foi a implantación dun novo entorno de comunicación dos procesos administrativos onde interactúan diferentes perfís: 1) coordinación de TFG de cada título; 2) PDI, na súa función de titor/a; 3) PDI, na súa función de tribunal; e, tamén, 4) PAS. O entorno de comunicación utilizado até o de agora (Moovi e secretaría virtual) foi substituído po Moovi e Sigma. A utilización de Sigma, 		

se ben non modificou os procesos a nivel académico, si supuxo grandes modificacións a nivel administrativo, polo que se realizaron reunións de coordinación con alumnado dos 4 títulos do centro, así como co PDI implicado, para clarificar procesos e resolver dúbidas específicas. As ditas reunións de coordinación tiveron lugar con carácter previo ás convocatorias ordinarias de xuño e xullo de 2024. A información sobre estas reunións quedou aloxada e accesible na plataforma Moovi.

ACCÍONS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE O PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

	OBXETIVO	RESPONSABLES	DESCRICIÓN DA ACCIÓN	PERÍODO E DATA DA EXECUCIÓN	
	COORDINACIÓN ENTRE RESPONSABLE DO PAT-ANEAE, TITORAS/ES DOS TÍTULOS E OUTROS/AS AXENTES IMPLICADOS	Coa finalidade de atender aos obxectivos do Plan de Acción Titorial (PAT-ANEAE) realizáronse unha serie de accións de coordinación entre o profesorado directamente implicado como tutores/as do alumnado do centro, e moi especialmente cos de 1º curso, os coordinadores/as dos Títulos, coordinadores/as de Prácticum e TFG e a coordinadora do PAT-ANEAE, coordinadora programa PIUNE e outros axentes implicados para planificar as diferentes accións de apoio requiridas polo alumnado do Centro (sesións de acollida, orientacións sobre mencións, TFG, Prácticum ou saídas profesionais etc.).	Coordinadora PAT-ANEAE, Coordinadores Máster e Tutores/as	- Para preparar a estrutura de apoio para o PAT-ANEAE solicitouse a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como tutores/as na atención e asesoramento dos grupos de 1º curso dos títulos do centro, e a petición individual a atención aos estudantes dos sucesivos cursos, elaborándose o cadro de docentes-tutores/as por título. - Para preparar a estrutura de apoio para o PAT dos mestrados do centro os/as coordinadores do Título solicitan a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como tutores/as na atención e asesoramento dos estudantes, publicandoo na web do Título o cadro de docentes-tutores/as.	1º Cuadrimestre,
				Outubro- Novembro 2023	
Coordinadora PAT-ANEAE e Tutores/as			- Realizouse a asignación de tutores/as a grupos de estudantes de 1º curso para cada un dos graos do centro. - Informouse aos tutores/as da distribución realizada por correo electrónico e sobre a publicación da información nos espazos do PAT-ANEAE da plataforma MOODLE e na web do centro.	1º Cuadrimestre, Setembro 2023	
Coordinadora PAT-ANEAE, coordinadora PIUNE, titor/a			-Notificouse, por vía telefónica e por correo, unha incidencia sobre un/ha estudante do grupo PIUNE, que requiría axilizar o seu expediente e unha atención inmediata. -Notificouse O/A TITOR/A a existencia do estudante que está a solicitar a inclusión no programa PIUNE -A coordinadora do programa PIUNE notificou a evolución e progreso do expediente do/a estudante PIUNE. -A/o Titor/a estableceu contacto co/a estudante.	1º Cuadrimestre, setembro-diciembre 2023	
Coordinadora PAT-ANEAE e Tutores/as			-Actualizou a documentación correspondente ao PAT-ANEAE na plataforma MOODLE (orientacións, anexos...), e informouse aos tutores/as do obxectivo da 1ª reunión cos	1º Cuadrimestre, Outubro-diciembre 2023	

			<p>grupos de estudantes de novo ingreso e da obriga de subir un extracto na Acta dos asuntos tratados a MOODLE.</p> <p>-Enviouse desde a coordinación do PAT-ANEAE un recordatorio por correo electrónico aos titores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran a 1º reunión co seu grupo de estudantes, solicitando que a realizaran de forma presencial, recomendando que a reunión se efectuar no mes de outubro e, de forma excepcional, na primeira semana de novembro.</p> <p>- Realizouse unha reunión con todos/as titores/as que participan no PAT-ANEAE para establecer un protocolo no que se recollen os contidos e procedemento a seguir na primeira reunión.</p> <p>- Enviouse aos titores/as a acta da reunión coordinación PAT-ANEAE-titores/as cos acordos tomados na reunión, incluíndo os contidos e procedemento que han de seguir para a 1º reunión dos/as titores/as cos estudantes titorizados/as. Tamén se enviou un modelo cos datos esenciais que debe incluír a convocatoria dos estudantes, a guía do PAT-ANEAE, e o listado con estudantes que lle corresponde segundo o seu apelido. Informase a cada titor/a os correos electrónicos do seu grupo de estudantes para que poidan remitir a convocatoria.</p> <p>- Enviouse aos titores/as recordatorios para que subiran a MOOVI actas que recollen o tratado na 1º reunión co grupo de estudantes.</p> <p>- Os/as titores/as reenvían a convocatoria da 1º reunión entre estudantes/titor e coordinador do PAT-ANEAE, de forma individual e nalgún caso. Asemade, algunhos/as titores/as que tiveron dificultades para facer efectiva a reunión co grupo de estudantes solicitan a colaboración da coordinación do PAT-ANEAE para facerlle chegar a convocatoria aos estudantes, sendo a figura do delegado/a fundamental para acadar o obxectivo.</p> <p>- Tratouse, por correo electrónico ou por teléfono, co/a titor/a as incidencias que aparecían na acta e que requirían ser tratadas e resoltas. Notificándolle a evolución do proceso de resolución de cada incidencia xestionada os/as titores/as para que puideran, no caso de ser preciso, informar ao seu grupo de estudantes da resolución da demanda. Tamén, se notifican</p>	
--	--	--	--	--

			<p>as xestións realizadas ao coordinador/a de calidade para que estea informado dos procedementos e medidas que se levan a cabo dende o PAT-ANEAE para garantir a calidade da docencia universitaria.</p> <p>-Envíase aos/as titores/as de cada titulación a síntese das actas nas que se recollen: demandas dos/as estudantes, fortalezas subliñadas, e incidencias detectadas en cada grao do centro.</p>	
			<p>-Notifícase aos/as titores/as que está na MOOVI a memoria de actividades do PAT-ANEAE do 1º cuadrimestre do curso 2023_2024, agradecendo a súa valiosa colaboración.</p> <p>-Notifícase aos/as titores/as que sería convinte valorar a posibilidade de establecer unha data límite para a entrega das actas, co propósito de que sexa útil a información recollida para poder xestionar, no caso de que sexa preciso, as incidencias detectadas.</p> <p>-Notifícase aos/as titores/as que sería convinte valorar a posibilidade de acordar que informarán ao coordinador/a do PAT-ANEAE das incidencias para darlle resposta ou solución, no momento de ser detectadas.</p> <p>- Envíase desde a coordinación do PAT un recordatorio por correo electrónico aos titores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran o seu alumnado para a 2ª reunión de grupo, solicitando que a realizasen preferentemente no período que vai de febreiro-1º semana de marzo, de forma presencial. Recomendouse facer unha análise cos estudantes sobre a marcha do curso e a detección de posibles dificultades rexistradas durante o primeiro cuadrimestre, sobre todo en relación coas súas avaliacións á vista do cuadrimestre rematado. Ademais, aproveitouse esta reunión para recoller as dúbidas, cuestións e impresións sobre o funcionamento da docencia virtual.</p>	2º Cuadrimestre, xaneiro-abril 2024
		Coordinadora PAT, Coordinadoras Títulos, Coordinadores TFG,	A coordinación do PAT-ANEAE, xunto cos coordinadores dos distintos Títulos, coordinadores de Prácticum e coordinadores do TFG, acordaron manter a organización das reunións informativas de orientación ao alumnado sobre as temáticas de interese para cada curso. As realizadas en cursos precedentes e aprobadas na memoria do PAT-ANEAE, que	1º Cuadrimestre, setembro-décembro 2023

		<p>Coordinadores Prácticum Outros axentes implicados</p>	<p>recolle no cronograma a relación de accións do PAT-ANEAE.</p> <p>A coordinación do PAT-ANEAE, por indicación ou suxerencia do equipo decanal ou comisión de calidade, poderá incluír aquelas actividades que contribúan a enriquecer a planificación habitual de anteriores edicións.</p> <p>As accións execútanse, segundo proceda, en cada cuadrimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O coordinador dos programas de mobilidade de centro proporciona información sobre os programas de mobilidade estudantil (alumnado de 2º e 3º de todos os Graos). Fíxase unha reunión virtual cos estudantes e enviase, a través dos/as coordinador/as de grao, a gravación da sesión, así como a convocatoria do programa ERAMUS. Finalmente, depositase a evidencia en MOOVI. -A formación específica impartida sobre Linguas estranxeiras aos grupos de 1º dos graos de infantil e primaria, incentívase a través do material audiovisual creado polos especialistas do centro. Finalmente, depositase a evidencia en MOOVI. - Información sobre o Prácticum (alumnado de todos os Graos nos cursos correspondentes) executada polos coordinadores e titores académico e externos da institución. 	
			<p>Información sobre o TFG (alumnado de 3º e 4º curso de todos os Graos).</p> <ul style="list-style-type: none"> - As ofertas de materias optativas e mencións (p.e: alumnado de 2º curso dos Graos de Educación Infantil e Primaria). - Información sobre o Prácticum (alumnado de todos os Graos nos cursos correspondentes) - Información e debate sobre as saídas profesionais (alumnado de 4º curso de todos os Graos). 	<p>2º Cuadrimestre, Abril-xuño 2024</p>
		<p>Coordinadora PAT, titores, coordinación dos Títulos, e coordinación comisión de calidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> -As demandas e incidencias detectadas nas reunións dos/as titores/as-estudantes titorizados/as e na execución das accións do PAT-ANEAE que requirían unha redefinición e tratamento máis profundo, dado que a súa abordaxe implicaba iniciar un proceso de mudas no funcionamento, leváronse e discutíronse nun grupo de discusión para delimitar unha acción o máis eficaz posible. -Baixo o liderado da coordinadora do PAT-ANEAE sintetizouse e analizouse a información recollida na memoria de accións cuadrimestral do PAT-ANEAE para elaborar un 	<p>Xuño-xullo 2024</p>

			informe final do curso 2023-2024. A coordinadora do PAT contou coa colaboración dos titores/as de grupos de 1º, os/as coordinadores/as de TFG, Prácticum, coordinadores/as de Título e do Equipo Decanal.	
--	--	--	---	--

3.2. Coordinación en Títulos de Mestrado da FETS

A autonomía académica e de xestión da cal dispoñen os Masters a través das súas Comisións Académicas, son o motivo polo cal damos conta da información relativa á coordinación destes títulos de forma independente aos títulos de Grao do Centro (xestionados de forma xenérica desde o Decanato e as Coordinacións de Título). É por iso que, atendendo ás características diferenciadas nos tres Mestrado do Centro cabe sinalar as dinámicas seguidas en cada título con respecto a este aspecto. No obstante en cada un deles se teñen en consideración diferentes accións desde un plano vertical e outro horizontal.

3.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

A coordinación docente do profesorado deste Mestrado é un compoñente clave e que polo tanto recibe unha atención especial, coa finalidade de mellorar constantemente a calidade do mesmo. Como se ven insistindo nos distintos cursos académicos, o feito de contar no Título con un equipo docente multidisciplinar favorece de xeito significativo a riqueza e diversidade académica, pero á vez presenta a necesidade de prestar unha atención destacada á coordinación do profesorado (en ocasións proveñen de diferentes áreas, titulacións e contextos profesionais).

O principal espazo de coordinación docente, que pon a disposición a Universidade de Vigo e a plataforma de teleformación Moovi. Nela ofrécese un Espazo de Coordinación para o Profesorado do Mestrado Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos. Tal e como mencionamos noutros informes este espazo serve de depósito para a documentación e de vía de comunicación a través do cal compártense e coordínanse, entre outras:

- As accións de coordinación interna de cada materia. Entre outras, o/a coordinador/a de materia sobe a este espazo un documento no que se especifican os acordos referidos ás responsabilidades docentes de cada profesor/a, así como outra información interna relevante (distribución de sesión e contido para aportar información específica sobre as distintas materia, as datas para a entrega de actividades/traballos, os criterios dos sistema de avaliación,..).
- Os/as coordinadores/as de materias obrigatorias, informan das actividades de módulo que se levarán a cabo.
- O emprego por parte do profesorado de imaxes corporativas para favorecer o uso dunha imaxe común e aumentar a percepción de unidade e coordinación interna.
- A información sobre accións de acollida.
- Calquera outra información que poida resultar de interese (históricos, actas de calidade,..).

3.2.1.1. Coordinación vertical

Este Mestrado conta con diferentes responsables para a coordinación académica vertical, que están supeditados ao equipo Decanal, Xunta de Centro, a Comisión de Calidade do Centro no que está adscrito o Título, a Coordinación de Título, Responsable de Calidade do Mestrado, Coordinación de TFM e de Prácticas Externas, así coma a súa Comisión Académica. Esta Comisión Académica está composta por diferentes representantes como pode observarse na táboa seguinte:

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA	
REPRESENTACIÓN	MEMBRO
Presidenta (Coordinadora do Mestrado)	M ^a del Pino Díaz Pereira
Secretario (Responsable do PAT do mestrado.)	Rubén González Rodríguez.
VOGAIS:	MEMBRO
Coordinadora da materia de Prácticas Externas	María Dolores Dapía Conde
Coord. da materia de Prácticas Externas	José María Failde Garrido
Coord. da materia de Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades	Antonio González Fernández
Coord. da materia de Inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza	María Lameiras Fernández
Coord. da materia de Interculturalismo en contextos escolares	Isabel Mociño González
Coord. da materia de Desenvolvemento Comunitario	Celsa Perdiz
Coord. da materia de Educación de adultos	Carmen Ricoy Lorenzo
Responsable de calidade do mestrado	Sara Martínez Carrera

Nas reunións periódicas, entre a coordinadora do título e a responsable de calidade abordáronse asuntos relativos a organización e toma de acordos relativos ao: establecemento do calendario do Mestrado e do horario; asuntos relativos ao TFM, así coma diversas cuestións asociadas coa calidade do Mestrado, etc.

Por outra parte, cabe sinalar que o curso 2023-2024, seguindo o ano anterior, continuouse coa presencialidade na súa totalidade nas aulas. Neste sentido desde o equipo Decanal, a Xunta de Centro

e a Comisión de Calidade promovéronse diversas reunións e mántivéronse a implantación das accións do curso 2022-2023. Entre outras cuestións, cabe destacar a:

- Modificación de tódolos procedementos relacionados co envío de documentación en formato papel, pasándoos a canles virtuais.

Unha vez rematado o curso 2023-2024 coa colaboración entre a coordinación de título e a responsable de calidade do Mestrado, reuníronse para definir as directrices a ter en conta na elaboración do informe sobre as propias accións de coordinación docente que posteriormente se someterá a validación e a aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e a Xunta de Centro respectivamente.

3.2.1.2. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación

Esta coordinación está moi ligada coa de tipo vertical, xa que as persoas responsables desta interactúan estreitamente cos responsables da coordinación horizontal e co demais profesorado do Mestrado, principalmente ao inicio de curso e a metade e final de cada cuadrimestre. Xunto coas reunións periódicas, tanto presenciais coma dixitais cabe lembrar as seguintes xuntanzas de coordinación:

Xuño-xullo de 2023 (previo ao inicio do curso 2023-24)

Foi necesario abordar diferentes accións, das que destacamos as:

- Recordatorio de cumprimentar o Formulario de Planificación e Coordinación docente de cada materia para a planificación das tarefas que van a ser levadas a cabo polo alumnado e da avaliación das mesmas.
- Desenvolveuse un cuestionario de preguntas abertas para a recollida directa dos datos mediante a secretaria virtual do alumnado. Esta información é a relativa ao Informe Anual MC-05 Satisfacción de Usuarios e Usuarias Satisfacción de Usuarios e Usuarias.
- Xuntanzas de traballo do profesorado co obxecto de revisar e actualizar as Guías Docentes para o curso 2023-24. Dende o equipo Decanal facilitáronse diversas directrices para os diferentes Títulos do Centro dirixidas a resolver os problemas recorrentes coa plataforma de DocNet relativos aos aspectos de tipo técnico, que xorden ano tras ano, coma cuestións de tipo pedagógico, asociadas principalmente ao deseño dos apartados curriculares das guías docentes.
- Desenvolvemento de diversas xuntanzas de traballo entre o corpo de profesorado con responsabilidades xerais (de título, de calidade, do TFM e do Prácticum). O que permitiu a posta en marcha da docencia dentro do calendario académico previsto.
- Desenvolveuse unha acción de coordinación para preparar coa respectiva coordinación de materias a información a facilitar ao alumnado na sesión de acollida, prevista dentro do marco do Plan de Acción Titorial (PAT).

- Como ven sendo habitual coordináronse unha acción para facilitar información aos coordinadores/as de materias para organizar os asuntos relativos a posta en marcha das materias. Asimesmo, especial atención se lle deu a organización das Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Mestrado. Participou o profesorado con responsabilidades xerais no título, coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM. Os asuntos abordados focalizáronse na: Organización do TFM e do Prácticum e todo o relativo a documentación requerida en ambos procedementos na Secretaría Virtual do alumnado.

3.2.1.3. Coordinación entre coordinadores de materia e responsables xerais da coordinación

Na liña de cursos anteriores, se leva a cabo unha reunión entre a coordinación de título e a responsable de calidade do mesmo cos/as coordinadores/as de materia para debater os aspectos máis preocupantes relativos á:

- a) Planificación académica da materia da que deriva a oportuna secuenciación do respectivo contido.
- b) Entrega racional e equilibrada de traballo/actividades/dossier por materia para favorecer unha formación integral e de calidade no alumnado do Mestrado.

Outra cuestión das tratadas a mencionar pola súa relevancia é presentación e difusión interna dos resultados das enquisas (cuestionario aberto) que desde a coordinación de título e a responsable de calidade se organiza para poder mellorar curso tras curso a docencia nas respectivas materia. Destes análises despréndense os puntos fortes e as problemáticas detectadas en cada materia. Esta información presenta unha grande relevancia a hora de mellorar o título mediante a reflexión e actuacións pertinentes, en particular nas respectivas materias.

3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia

A coordinación das distintas materias mantiveron unha coordinación e comunicación constante cos/as demais docentes das respectivas materias. Nesta liña, unha vez máis cabe destacar as accións levadas a cabo para a revisión e actualización das Guías Docentes, así como para a elaboración da información que se lle facilita ao alumnado na presenta da materia concretando a distribución de sesión, docentes a impartilas e contido; cronograma de entrega de actividades/ traballos, criterios de avaliación, etc.

Á finalización do cuadrimestre o profesorado das respectivas materias baixo a coordinación da coordinación de materia avaliou ao alumnado e revisou, nalgúns casos, as posibles melloras a incorporar sobre este aspecto de cara o curso próximo.

A coordinación de cada materia distribuíu e debateu co profesorado da mesma os resultados derivados o cuestionario aberto que o alumnado cubriu. Esta información, unha vez máis foi considerada de grande utilidade para a reflexión e mellora da docencia das distintas materias.

3.2.1.5. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo

A coordinación entre os módulos mellorou a raíz de incluír na CAM un representante do mesmo. Isto supón un canle de comunicación fluído e favorece a intervención entre os/as docentes implicados no Mestrado para comunicar os problemas atendendo as diferentes problemáticas que se producen en cada módulo e nas respectivas materias.

3.2.2. Mestrado do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Para o desenvolvemento das accións de coordinación docente levan sido de moita axuda en xeral os recursos dixitais e, entre eles, as plataformas de teledocencia, coma Moovi. Sen embargo, continua existindo a necesidade de entornos dixitais tamén específicos, por exemplo, para optimizar as accións de coordinación docente. De feito eses poderían dispor dun maior potencial para facilitar ao profesorado a coordinación, en concreto no que atinxe ao rexistro de evidencias.

En canto a contextualización deste Mestrado, hai que ter en conta que se desenvolve nos tres campus da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo), por ser intercampus. O centro da súa adscrición é a Facultade de Bioloxía (Campus de Vigo). Ao situarse a secretaria técnica deste Mestrado no campus de Vigo na coordinación docente son precisos múltiples mecanismos e ferramentas dixitais que posibiliten a relación e comunicación. Polo tanto é imprescindible o emprego diversos recursos dixitais (teléfono, *email*, *skype*, campus remoto, plataformas da “nube”, plataforma de teleformación da universidade -moovi-, etc.).

Dadas as características deste Mestrado son necesarios distintos tipos de coordinación como, por exemplo, a nivel vertical entre a Coordinadora Xeral e coa Comisión Académica; ademais da interrelación coa Comisión de Calidade e a Xunta de Centro, en particular, no campus de Ourense.

A Comisión Académica deste Mestrado está formada polos/as seguintes membros:

Presidenta, que é a Coordinadora xeneral do Mestrado (pertencente a Facultade de Bioloxía do campus de Vigo), sendo nomeada polo Consello de Goberno.

Secretario académico (nomeado/proposto pola Presidenta do Mestrado), ubicado na Facultade de Bioloxía do campus de Vigo.

Vogais:

- Unha Profesora, da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense que exerce de Coordinadora neste Campus
- Un profesor, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra que exerce de Coordinador nese Campus.
- Unha profesora, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense.

- Unha profesora, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra.
 - Un profesor, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía do Campus de Vigo.
- Unha profesora, en representación dalgún itinerario da Facultade de Bioloxía do Campus de Vigo.

En xeral, na coordinación vertical conflúe o labor da Coordinación xeral, da Secretaria Técnica e da Comisión Académica do Título, atendendo a unha serie de directrices consensuadas e unificadas, para garantir nas condicións axeitadas na revisión do deseño e implementación da docencia teórico-práctica das materias. Con todo, cabe sinalar a relevancia da coordinación horizontal, que está supeditada esencialmente ao labor do profesorado do Mestrado. Ademais, desenvólvese en colaboración coa coordinación dos respectivos centros, así coma coa coordinación dos diferentes itinerarios, coma é o caso no campus de Ourense.

3.2.2.1. Accións de coordinación vertical

As accións de coordinación docente no curso 2023-24, desde a coordinación central, foron múltiples. Cabe referirse a que a coordinadora xeral (dende o campus de Vigo) liderou con carácter global as directrices de actuación principais para manter a sintonía necesaria entre os tres campus nos que se imparte este Mestrado.

A modo de exemplo, indícanse algunhas das accións de coordinación académica levadas a cabo desde a *vertente vertical*, no curso 2023-24:

- Convocouse a reunión de acollida co estudantado ao profesorado dos respectivos campus, para propiciar un primeiro contacto entre os docentes e o alumnado.
- No campus de Ourense chegouse a distintos acordos entre a secretaria técnica do Mestrado e a coordinadora deste Mestrado coa finalidade de elaborar o Informe de seguimento do título do curso 2023-24. En particular, foi precisa a coordinación que afecta ao análise de aspectos e datos comúns, ademais de tratar os que teñen un carácter máis específico.
- Reunións periódicas levadas a cabo desde a Comisión Académica do Mestrado para analizar as circunstancias e accións necesarias para a elaboración do: Calendario académico, horarios do profesorado, xestión xeral de prácticas externas, pautas globais sobre a titorizacións do alumnado, xestión do SGIC, selección de novo profesorado e cuestións máis específicos do desenvolvemento da docencia.
- A coordinadora xeral co apoio da secretaría técnica, das coordinacións de campus e coa coordinación de itinerario levou a cabo diversas accións de intercambio para artellar, entre outras, a asignación de titores/as de PAT, TFM e prácticas externas do alumnado, así coma no relativo a actualización das guías docentes.
- Celebración de reunións periódicas, es especial de febreiro a xullo de 2023, entre a coordinadora xeral, a secretaria técnica, as coordinacións dos respectivos campus para resolver as casuísticas e problemáticas xurdidas.

3.2.2.2. Coordinación horizontal

O profesorado ten interiorizadas as accións de coordinación coma unha dinámica habitual. Estas boas prácticas que se forxaron a raíz das rutinas levadas a cabo no relativo a coordinación horizontal son un elemento fundamental para manterse as accións establecidas e integrar outras novas. Servindo de base para aquelas que se deben completar e mellorar continuamente; así mesmo ocorre no caso da coordinación vertical cuxa interacción co profesorado do Mestrado para a coordinación horizontal é esencial desde o inicio de curso, así coma en momentos puntuais ao remate dos cuadrimestres e, en particular, na fase final.

É de resaltar que:

- Desde a coordinación sistematicamente ao longo do curso académico 2023-24 empregáronse diferentes ferramentas de comunicación para informar, intercambiar pareceres, chegar a acordos e distribuír responsabilidades tanto coa coordinación de itinerario, coma cos/as docentes das respectivas materias. Para elo, partiuse das pautas facilitadas ou acordadas previamente pola/coa coordinación central do Mestrado, coa secretaria académica e as directrices ou decisións ofrecidas pola Comisión Académica do Título.
- As liñas de actuación entre a Coordinadora do campus de Ourense e os catro Coordinadores/a de itinerario desenvolvéronse de xeito sistemático e serven para sentar as bases de carácter xeral neste campus atendendo aos distintos itinerarios, coa finalidade de dar resposta as incidencias recibidas.

O profesorado responsable da coordinación dos itinerarios no campus de Ourense indícase na seguinte táboa.

ITINERARIO	COORDINADOR/A DE ITINERARIO
Ciencias Experimentais: Matemáticas, Tecnoloxía	Prof. Maria Joao Valente Da Silva
Ciencias Sociais: Xeografía e Historia	Prof. Julio Prada
Ciencias Sociais: Humanidades	Prof. Alberto Vaqueiro
Orientación Educativa	Prof. Cristina Sánchez Martínez

- Coordinación de Materia, como é esperable, foi liderada esencialmente por un profesor/a da Universidade de Vigo (normalmente con dedicación a tempo completo e no seu defecto a tempo parcial). Esta coordinación ten unha maior relevancia naquelas materias que están compartidas entre dous ou máis profesorado. Como ven sendo habitual para esta coordinación empregáronse diferentes ferramentas dixitais e, segundo os casos, tamén algunha reunión físicas co obxecto de determinar as directrices esenciais para a implementación da docencia. Como, por exemplo, para acordar os cambios ou a revisión das guías docentes: actualización das fontes de información/bibliografía empregada, secuenciación de contidos e tipoloxía, recursos e calendario para a realización das actividades e a entrega de traballos/actividades, determinación de metodoloxías ou dinámicas de aula,

criterios de avaliación, etc. Ademais, desenvóléronse distintos mecanismos de coordinación entre os/as docentes das materias para as modificacións ou reaxustes que esixe a marcha das clases e a avaliación do alumnado ao final dos respectivos cuatrimestres.

3.2.2.3. Accións de coordinación para as Prácticas Externas e o TFM

Na caso das Prácticas Externas e do TFM, teñen un carácter diferenciado en calquera título e polo tanto tamén neste, aínda que a primeira non está presente en tódalas titulacións universitarias. Nestas dúas materias está implicado un elevado número de profesorado do Mestrado, tanto do módulo común, coma do módulo específico. Por elo, coma noutros cursos foi preciso, entre outros aspectos, coordinar a súa distribución na asignación da titorización para garantir a todo o alumnado e contar dun certo equilibrio nesta labor.

Entre outras accións levadas a cabo, a coordinación do campus de Ourense dinamizou, solicitou e recolle as preferencias/expectativas de titorización dos/as docentes do Mestrado, cos docentes do módulo común e específico nos catro itinerarios deste campus. Está actividade é esencial para garantir a todo alumnado a titorización no Plan de Acción Titorial (PAT), así como para a dirección dos Traballos Fin de Mestrado e das prácticas externas.

Finalmente, cabe sinalar que apoiando a secretaria xeral a coordinación do campus de Ourense co liderou, xunto coa coordinación dos respectivos itinerarios deste campus a organización das sesións de presentación dos TFM. Por exemplo, as directrices sobre o procedemento a seguir, documentación, así coma a distribución da mesma para que os tribunais unipersoais levasen a cabo co alumnado a avaliación do TFM.

3.2.3. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

A coordinación docente é un elemento necesario para un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a mellora da calidade do título, e debe atender tanto aos procesos formais de toma de decisións como aos contactos informais e comunicación diaria do profesorado. Ambos procedementos son moi necesarios neste mestrado pois ademais dos docentes da Universidade de Vigo participan moitos docentes externos que proceden de distintas universidades.

Como xa se sinalou en anteriores informes, o procedemento de coordinación docente deste título é tanto vertical como horizontal. Estruturase a través das figuras da coordinadora do título, coordinadores/as de módulos e de materias que mantiveron reunións periódicas, tanto presenciais como online, para conseguir unha axeitada coordinación docente.

Pola súa parte a Comisión Académica do Mestrado foi a encargada de promover, coordinar e dinamizar as accións de coordinación docente na titulación. É a responsable da PDA, POD e selección do Profesorado do Mestrado e aprobación de guías docentes. Tamén elaborou as propostas de horarios, calendario de probas de avaliación e cronograma do TFM. Está composta polos seguintes membros:

Presidenta (Coordinadora do Título). Mar García Señorán. *Secretaria* (Vicedecana da Facultade, nomeada polo centro). M^a el Pino Díaz Pereira. *Nomeado polo centro en representación da Comisión de Calidade*. Javier García Núñez. *Coordinador Módulo I*. Fernando Tellado González. *Coordinadora Módulo II*. Ángeles Conde Rodríguez. *Coordinadora Módulo III*. Manuela Raposo Rivas. *Coordinadora materias DA e Estratexias Cognitivas; Métodos e Deseños de Investigación en Psicoloxía Educativa; DA, CI e Enriquecemento Instrumental*. Sonia Alfonso Gil.

No curso 2023-24, tal e como ven sendo habitual, a Coordinadora do Título participou activamente nas xuntanzas do Equipo Decanal, Xunta de Centro e Comisión de Calidade e trasladou os asuntos tratados e acordos ao resto do profesorado do título nas xuntanzas de coordinación levadas a cabo durante o curso que se detallan a continuación.

3.2.3.1. Reunións da coordinadora de Título coa coordinadora de PAT, técnicas biblioteca, coordinadores/as de módulo e materias e docentes do título.

Xuño-xullo (planificación do curso 2023-2024)

A finais de xuño realizouse unha reunión de coordinación xeral cos coordinadores/as de módulo e materias para comentar os criterios e orientacións actualizadas e o calendario de elaboración de guías aprobado polo centro, fíxose especial fincapé no mantemento do plan de continxencias aprobado o curso pasado así como na necesidade de clarificar no apartado de *Avaliación* que non sería obxecto de avaliación na 2^a oportunidade as partes xa superadas na 1^a oportunidade.

Analizáronse os resultados de aprendizaxe e as puntuacións obtidas nas enquisas de satisfacción. Conclúese que en xeral os datos dos indicadores son satisfactorios e se conseguen as metas de calidade establecidas polo centro, detéctanse fortalezas e debilidades que permiten reflexionar e adoptar plans de mellora para o próximo curso.

Tamén se planificaron os horarios e probas de avaliación do curso 2022-2023.

Setembro de 2023

Levou a cabo unha:

- Xuntanza coa coordinadora do PAT para preparar a Xornada de Acollda para o alumnado de novo ingreso.
- Reunión coa técnicas de investigación da Biblioteca Rosalía de Castro. Unidade de Apoio á Docencia e a Investigación para organizar e planificar as sesión formativas da biblioteca, que se celebraron no mes de setembro e nas que se tratou o proceso de busca da información científica nos recursos subscritos pola Biblioteca e a xestión das referencias bibliográficas con Refworks.

Outubro de 2023

Desenvolveuse unha xuntanza, na que participou a coordinadora do TFM e coordinadores/as de módulo para analizar as solicitudes das liñas de investigación dos traballos dos TFM e asignar as titoras e titores.

3.2.3.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado

Xuño-setembro de 2023 e xaneiro-xullo de 2024

Nas materias impartidas por máis de un/unha profesor-a realizáronse reunións de traballo virtuais e distintas accións de coordinación que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de xuño e xullo para tomar acordos sobre as guías docentes do próximo curso, planificar a docencia, distribuír os contidos, fixar datas de entrega das distintas actividades, acordar cuestións de tipo organizativo, etc. Ao longo dos respectivos cuadrimestres fixéronse os reaxustes necesarios co grupo aula e ao final do cuadrimestre realizouse a avaliación, etc. Cada materia, no seu espazo da plataforma (MOOVI), ten habilitado un apartado de xestión para depositar documentación, evidencias de coordinación, etc. Este espazo resulta de gran utilidade para un intercambio fluído de información e experiencias.

3.2.3.3. Outras accións de coordinación desenvolvidas

A coordinadora do título mantivo comunicación durante todo o curso cos responsables de calidade do centro e cos/coas docentes do Mestrado para intercambiar ideas, discutir e propoñer estratexias de mellora da coordinación do profesorado das diferentes materias. Insistiuse no formulario de coordinación docente entre o profesorado.

Como en cursos anteriores, enviouse, a todos os docentes, un correo electrónico recordando as datas da sesión de cada docente no que se axuntaban dúas listaxes de asistencia para cada unha das sesións do Mestrado, o formulario de planificación/coordinación docente aprobado pola Xunta de Centro. Tamén se remitiu información sobre os intereses e titulación de acceso dos estudantes, e algunhas liñas básicas de organización académica.

IV. RESULTADOS NAS ENQUISAS DE VALORACIÓN DOCENTE NO ÍTEM “A COORDINACIÓN (PARA EVITAR SOLAPAMENTOS DE CONTIDOS, INCOHERENCIAS ...) ENTRE O PROFESORADO DA MATERIA É AXEITADA”

Os resultados das Memorias de Avaliación do Profesorado que o alumnado realiza en relación con cada unha das materias e o profesorado implicado proporciona unha medida de interese relativo á percepción que o alumnado ten sobre a coordinación entre o profesorado que imparte cada materia.

En concreto, na enquisa de satisfacción do profesorado coas titulacións oficiais no curso 2022-2023 (ver táboa 3) a información facilitada polo do bloque 1. Organización e desenvolvemento, en concreto no ítem 2 “A coordinación entre as materias do plan de estudos” obtén unha valoración global de todos os títulos de 3.99.

Táboa 3. Puntuación media obtida na enquisa de satisfacción profesorado en cada unha das titulacións do centro nas enquisas de Valoración Docente no ítem “A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada” (rango 1-5).

TITULACIÓN	BLOQUE	PREGUNTA	PUNTUACIÓN
GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	3.73
GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	3.93
GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4.17
GRAO EN TRABALLO SOCIAL	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	3.72
MESTRADOS			
MASTER EN INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINARIA EN DIVERSIDADE	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4.10
MÁSTER EN DIFICULTADES APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4.38
MASTER PROFESORADO Matemáticas e Tecnoloxía	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4

MASTER PROFESORADO Xeografía e Historia	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4.10
MASTER PROFESORADO Humanidades	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	3.50
MASTER PROFESORADO Orientación	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4.31
PUNTUACIÓN MEDIA			3.994

A información facilitada polo informe de satisfacción do alumnado coa titulación no bloque 1. Organización e desenvolvemento, en concreto no ítem 2 “A coordinación entre as materias do plan de estudos obtén unha valoración global de todos os títulos de 2.62.

Táboa 4. Puntuación media obtida na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación en cada unha das titulacións do centro nas enquisas de Valoración Docente no ítem “A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada” (rango 1-5).

TITULACIÓN	BLOQUE	PREGUNTA	PUNTUACIÓN
GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	2.93
GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	2.50
GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	3.11
GRAO EN TRABALLO SOCIAL	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	4.40
MESTRADOS			
MASTER EN INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINARIA EN DIVERSIDADE	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	3
MÁSTER EN DIFICULTADES APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	2.60

MASTER PROFESORADO Matemáticas e Tecnoloxía	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	2.80
MASTER PROFESORADO Xeografía e Historia	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	2.33
MASTER PROFESORADO Humanidades	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	2.75
MASTER PROFESORADO Orientación	ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	A coordinación entre materias do plan de estudos	No conta con datos
PUNTUACIÓN MEDIA			2.642

En base aos datos presentados podemos establecer que se precisa seguir potenciando as medidas de coordinación establecidas (documento de planificación e coordinación dentro das materias), ademais de crear sinerxías no centro, que contribúan a crear sentido de comunidade entre o propio profesorado, tal sería o caso dos proxectos de innovación docentes que se están a desenvolver así como os APS, que propicia que o profesorado poida traballar de forma coordinada entre eles.

V. CONCLUSIONES

Á vista das diferentes accións e dinámicas recollidas neste informe podemos concluír que:

- 1- A Facultade de Educación e Traballo Social dispón de estruturas e dinámicas consolidadas cuxo obxectivo é alcanzar un equipo de docentes coordinados, cohesionados e enfocados á consecución dun proxecto formativo de calidade. Esta estrutura funciona de forma sistematizada e os seus procedementos foron integrados nas dinámicas habituais do centro.
3. A implantación dous formularios de planificación e coordinación docente como unha das accións relevantes na política de coordinación do centro, integráronse de forma xeneralizada nas funcións do profesorado.
4. O desenvolvemento do Proxecto de Innovación docente converteuse nun mecanismo que está a fortalecer as sinerxías de coordinación e interdisciplinidade, promovendo un espazo de encontro, reflexión e toma de decisións colaborativas que ata o de agora non tiña precedentes no centro.
5. O proceso de reflexión, debate e deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico dá Facultade (PDE-FETS) supuxo un antes e un despois na cultura de colaboración e coordinación dos docentes. O proceso seguido implicou un achegamento e a procura de puntos de encontro para a


Facultade de Educación
e Traballo Social

Universidade de Vigo

Edificio Facultades Campus de Ourense 32004 Ourense, España	Tel.:988387101 Fax.: 988 387159 http://webs.uvigo.es/educacion-ou/
---	---

identificación das metas da facultade e o establecemento dos obxectivos comúns que guiarán as accións nos próximos cursos académicos.

6. Finalmente, os resultados nas enquisas de avaliación docente das materias, no relativo á coordinación entre docentes da mesma materia, revelan resultados que indican que temos que seguir traballando a coordinación.



Grao

Curso

Cuadrimestre

Formulario de Planificación e Coordinación Docente

O formato que che propoñemos é orientativo. Podes adaptalo sempre que conste a información básica requirida.

NOME DA MATERIA:

COORDINADOR/A:

DOCENTES:

PLANIFICACIÓN TAREFAS AVALIACIÓN:

NOME TAREFA/PROBA	DATA ENTREGA	DOCENTE RESPONSABLE	VALOR CUALIFICACIÓN
-------------------	--------------	---------------------	---------------------

RELACIÓN ACADÉMICA CON OUTRAS MATERIAS DA TITULACIÓN:

Creamos unha rede integrada de competencias

Materias implicadas:

Tipo de relación (escoller a máis significativa):

- Transferencia de competencias:
- Experiencias/actividades conxuntas:
- Metodoloxías compartidas:
- Recursos:
- Contidos:



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado
FIDES AUDIT